

O FARELO

nº 34

NOVEMBRO '09
SEGUNDA ETAPA

REVISTA DE HUMOR QUE RABEA POR PENEIRAR

Todos falamos galego



Fai máis de 20 anos, Victorino Pérez, "Tori", asinaba esta viñeta para a revista *Irimia*. Agora aínda segue estando de actualidade. Manda carallo!

tomy



José Saramago en caricaturas



SIRO.



SANTY.



PAULO SANTOS.



TURCIOS.

FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

Así comeza *Cáin*, a nova novela de José Saramago: "Cando o señor, tamén coñecido como deus, deuse conta de que a Adán e Eva, perfectos en todo o que se mostraba á vista, non lles saía nin unha palabra da boca nin emitían un simple son, por primario que fóra, non tivo outro remedio que irritarse consigo mesmo, xa que non había ninguén máis no xardín do edén a quen responsabilizar da gravísima falta (...)".

Con 86 anos, o escritor portugués fincado na illa de Lanzarote, volve dar mostras da súa imaxinación, reflexión crítica e pensamento transgresor, con esta novela, ao cuestionar con humor e ironía a figura de deus.

Esta non é a primeira ocasión que Saramago se enfrenta ao dogmatismo relixioso. Fai case 20 anos a súa novela *O Evanxeo segundo Xesús Cristo* causou balbordo por presentar a Cristo causou balbordo por presentar a Cristo vivindo con María Magdalena e o seu intento por escapar da crucifixión.

Saramago, Premio Nobel de Literatura en 1998 e autor de excelentes novelas como *A caverna*, *Ensaio sobre a cegueira*, e *A viaxe do elefante*, entre outras 16 obras, é un dos personaxes que máis chamou a atención dos caricaturistas que participaron na historia da Bienal da Caricatura de Ourense. Sen dúbida, a súa persoa e a súa obra literaria son estímulos permanentes para que os debuxantes se centren en captar a súa personalidade.

O caricaturista persoal ten ante si un gran reto: como reflectir nun debuxo o que caracteriza ao caricaturizado? Os debuxos sobre Saramago que ilustran este artigo son unha mostra das miradas polidécricas dos artistas.

● PIMPOLHO □ DESENHO E TEXTO DE: © José Sarmento • 704
No está claro si ha sido más estúpido...
... quién inventó el trabajo...
... o quién inventó el desempleo!!!...




martirena



felix_ronda

Todos falamos galego



ramón_couñago

guisa_e_napo





Valo dos laios

guisa e napo



xosé_manuel


MADRID 20??
SAÚDO PARA O COI


e ti que?

se fas viñetas, caricaturas, tiras cómicas, banda deseñada...

O FARELO ofrécete un espazo para darte a coñecer

 envíanos os teus traballos a farelo@apeneira.com

Unha ollada diferente

FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

Caricaturistas de todo o mundo, mediante o uso da sátira e o humor, arremeten contra o racismo, a violencia e a pobreza, na exposición *A paz cuestión de fondo* que presenta o Forum Metropolitano da Coruña e que, posteriormente, pasará por seis centros de ensino dá cidade, rematando o seu periplo o 12 de decembro, Día Mundial do Voluntariado.

Os debuxos foron doados polos artistas ao Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade e, mediante a ollada dos seus autores, critican estas secuelas xeradas por un sistema alimentado pola explotación, a inxustiza e a discriminación.

O público pode apreciar a imaxinación e creatividade de debuxantes como Kemchs (México), Óscar

Sierra (Costa Rica), Rainer Hachfeld (Alemaña), Halim Kutlu (Turquía), Luis Poças (Portugal), Ares (Cuba), e dos galegos Xaquín Marín e Hortas, entre outros.

A concelleira de Mocidade, Solidaridade e Normalización Lingüística, Ermitas Valencia, inaugurou a mostra e anunciou que a exposición leva parella unha serie de actividades que se desenvolverán nos propios centros de ensino dinamizadas por técnicas da área de solidariedade do concello. Os diferentes materiais didácticos así como as actividades previstas farán reflexionar sobre a necesidade dun mundo máis xusto a máis de mil mozos e mozas de A Coruña.

Unha vez máis, os caricaturistas demostran que mediante o humor e a sátira, o mundo pode ser mellor.



ÓSCAR SIERRA (OKI), COSTA RICA.




HALIM KUTLU, TURQUÍA.



XAQUÍN MARÍN.



NACHO HORTAS, GALICIA.



KEMCHS, MÉXICO.



LUIS POÇAS, PORTUGAL.



RAINER HACHFELD, ALEMANIA.

raúl_de_la_nuez



Valo dos laios

guisa e napo

